

LA OLA VERDE (QUE SEA LEY)

Juan Solanas, 2019

651

ESTREA EN NUMAX: 06.03.2020 | V.O.

La ola verde (Que sea ley) (2019, 86')

Dirección: Juan Solanas

Guión: Juan Solanas

Participación: Familia Acevedo, Claudia Acuña, Marta Alanis, Brenda Austin, Dora Barrancos

Son: Juan Solanas

Música: Paula Moore

Fotografía: Juan Solanas

Montaxe: Juan Solanas

Produtora: Cinesur, Les Films du Sud, Gameland (Arxentina-Francia-Uruguai)

Distribuidora: Caramel Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Español

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2019 (Sección Oficial), Donostia 2019 (Premio TVE Otra Mirada), Busan 2019 (Mellor Documental), Festival Internacional de Cine de Derechos Humanos 2019 (Premio Amnistía Internacional)

FILMOGRAFÍA

Un amor entre dos mundos, 2012

Nordeste, 2005

El hombre sin cabeza, 2003

[curtametraxe]

SINOPSE

Cada día morre unha muller en Arxentina por culpa dos inseguros abortos clandestinos. *La ola verde (Que sea ley)* conta a loita de gran parte da poboación arxentina por acabar con esta insuficiencia legal. En 2018 debateuse un proxecto de lei de aborto legal que dividiu o país. Tras unha vitoria na Cámara de Deputados, pero antes do voto definitivo no Senado, o filme retrata a batalla final cos valentes testemuños das vítimas e fortes voces claves femininas que lidaron esta travesía memorábel.

«Un filme que emociona e que te enche de ganas de cambiar o mundo»

Alicia García Arribas, EFE.



“As testemuñas son a columna vertebral da película porque son a realidade”

Entrevista con Juan Solanas

Por Oscar Ranzani

Por que decidiches que fose así o filme, e non unha ficción? Sempre tiver unha motivación política ou ideolóxica cos meus filmes. Filmar por filmar non me chega. Eu non estraño filmar. Atráeme querer contar algo porque sinto que é importante que o sexa. E aí engánchome e son moi visual. Pero sen iso non me engancha.

O filme ten algo de militante. Tamén nos carteis con letras grandes brancas e fondo negro en pantalla que remiten a *La hora de los hornos* [Fernando E. Solanas, Octavio Getino, 1968] Si, é unha homenaxe directa. É un pouco anunciar a cor do filme. Eu non o chamaría documental. Para min é cinema militante, cinema político. Non sei como chamalo, pero non é un documental educado que ves en Netflix, onde está o «por» e está o «contra» e está todo «pro». Desde o comezo, a película anuncia a súa cor. Tamén tiver claro que non quería facer un panfleto. En absoluto. Quería rexistrar a realidade e amosala para que alguén se poida facer unha opinión sobre este tema, que é tan complicado.

É un filme para xente convencida?

Non, porque que interese ten un convencido en ver este filme? É un filme a favor. Por unha banda, fíxena porque se me antollou, sen saber se ía ser ao final unha película. Cando digo que se me antollou quere dicir que me din todos os praceres formais e de discurso. Quería dar a miña ollada desde o meu lugar, o dun home que non vive na Arxentina, que medrou nun mundo moi diferente como era Francia. E vexo unha realidade que me parece moi rara. Pasei oito meses facéndoa e cruceime con moita xente que me preguntaba que estaba a facer. É un tema sobre o que un non sabe que pensa o outro. Entón, ao contar, moitas veces vía caras que seguramente se preguntaban: *Por que lle preguntei iso?* As veces, había tempo e falaba. Dábame conta de que había moito, non sei se desinformación, pero polo menos descoñecemento. Nun país con problemas, parecían dicir *Eu non quero outro problema máis. Prefiro non saber moito*. Dician cousas como *Non, pero matar bebés! Que tremendo!* Dábame conta de que un par de lemas entraban, pero non había un interese por saber que pasaba e reflexionar. En realidade o único que me propuxen coa película é non ser mal encarado. O lado antidereitos non está caricaturizado, non elixín para nada ese camiño, aínda que é un festival o que un pode atopar aí.

Por que o filme está dividido a través deses carteis negros con letras brancas por temáticas? É algo tolo porque empecei a filmar con capítulos na cabeza,

coa estrutura que ten. Hai unha estrutura que saltou, que é a realidade. Desde o comezo eu quería mostrar a realidade, sempre subxectiva, pero por iso non interveño, non se me ve. As testemuñas armeinas así: aquí está a cámara para que lle digas á audiencia o que queiras no marco deste filme que se chama *La ola verde (Que sea ley)*. E fronte ao que dician eu non volvía preguntar. As testemuñas son a columna vertebral da película porque son a realidade. Eu tiña na cabeza o capítulo *A realidade*, pero cando empecei a montar vin que era imposible. Finalmente esa realidade dividina en toda a película. Esa foi a única diferenza entre o que tiña na cabeza e o que quedou: *Crenzas, Dobre moral*, etcétera. Todos os capítulos tiñaos desde o comezo e cando fun filmar referentes faciales preguntas do tipo: *Se che digo dobre moral, que me dis?*

Publicada en pagina12.com.ar
Tradución: Olalla Cociña Lozano

O director

Juan Solanas (Bos Aires, 1966) vive en Francia desde os feitos da ditadura militar en 1976. Alí estudou Historia da Arte e Filosofía e desenvolveu a súa paixón pola fotografía. Os seus inicios no cinema foron acompañando o seu pai, o director Fernando Pino Solanas, nos traballos de etalonaxe e como director de fotografía. En 2004 obtén o premio César á mellor curtametraxe por *El hombre sin cabeza*. En 2012 estrea *Upside Down*, o seu filme máis coñecido. Tamén ten producido diversas longametraxes.

ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que
agardas para
abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenamax